# PLAN DE TRABALLO. EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS

BOAS FAMILIAS! ANTE A SITUACIÓN QUE ESTAMOS A VIVIR E TENDO EN CONTA AS ÚLTIMAS ACHEGAS SOBRE A AMPLIACIÓN DO PERÍODO DE "CONFINAMENTO" POR MOR DO CORONAVIRUS ADXÚNTOVOS UN LISTADO DE ACTIVIDADES/IDEAS PARA PODER SEGUIR O FÍO DO PROCESO DE APRENDIZAXE.

DÉIXOVOS O MEU NÚMERO DE TELÉFONO ( NINA: 664213294 ) PARA QUE CONTACTEDES CONMIGO ANTE CALQUERA DÚBIDA, SUXERENCIA, ENVÍO DE MATERIAL, DIFICULTADES (ACCESO LIMITADO A SOPORTES TECNOLÓXICOS, NECESIDADES...), ETC.

AS ACTIVIDADES NON SERÁN AVALIABLES TAL E COMO SE DICTA NAS INSTRUCIÓNS QUE SE NOS MANDARON AO CENTRO EDUCATIVO. SIMPLEMENTE SON UN REFERENTE/GUÍA PARA QUE VÓS DENDE AS VOSAS CASAS TEÑADES Á VÓSA DISPOSICIÓN MATERIAL SOBRE O QUE ESTAMOS A TRABALLAR NA AULA E, DENTRO DAS VOSAS POSIBILIDADES (DISPOÑIBILIDADE DE TEMPO, ETC) PODER TER OPCIÓNS PARA TRABALLAR DENDE A CASA COS VOSOS FILLOS/AS, NETOS/AS, ETC.

EN PRIMEIRO LUGAR FAGO FINCAPÉ NA IMPORTANCIA DE MANTER **RUTINAS E HÁBITOS**. POR EXEMPLO:

- ESPERTAR - ASEO - ALMORZO - VESTIRSE
- ORDENAR /RECOLLER XOGUETES. AXUDAR NAS TAREFAS DA CASA
- ACTIVIDADES DIDÁCTICAS
- XOGO LIBRE
- SESTA OU DESCANSO
- XOGOS EN FAMILIA
- EXERCICIO FÍSICO (BAILAR, SALTAR, XOGAR

AO ESCONDITE..)

- RELAXACIÓN (CONTOS, YOGA...)
- HORA DO CONTO E A DORMIR!



## ACTIVIDADES DIDÁCTICAS

- TRAZOS: NO ANEXO 1 ADXÚNTOVOS EXEMPLOS DE TRAZOS QUE PODEMOS REALIZAR EN DIFERENTES SUPERFICIES (AZUCRE, AREA, PAPEL E ÚTIL DE ESCRITURA: ROTULADOR, LÁPIS...) E UNHAS FICHAS DE REFERENCIA.

- XOGOS CO NOSO NOME:

  BUSCAMOS E CONTAMOS AS LETRAS DO NOSO NOME: PODEMOS USAR LETRAS INMANTADAS OU FEITAS POR NÓS CON CACHIÑOS DE PAPEL





REPASAMOS O NOSO NOME CON PINTURA, PEGAMOS PEGATINAS, SEGUIMOS O TRAZO CO DEDO...





- OUTRAS ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER A PSICOMOTRICIDADE FINA COMO: RECORTAR IMAXES DE REVISTAS E XORNAIS, PEGAR, COLOREAR, REPASAR, PICAR CON PUNZÓN, ABOTOAR E DESABOTOAR, XOGAR CON PLASTILINA, ENROSCAR E DESENROSCAR TAPÓNS, FACER PULSEIRAS OU COLGANTES CON FÍO E MACARRÓNS...
- NÚMEROS 1 E 2: ASOCIAMOS NÚMERO E CANTIDADE. POR EXEMPLO: CON TAPÓNS, XOGUETES, PINZAS... (CALQUERA MATERIAL QUE TEÑAMOS POLA CASA








Números con plastilina

DEBUXO, PINTURA…

- COLLAGE CON REFUGALLO QUE TEÑAMOS POLA CASA OU NA CONTORNA: XORNAIS E REVISTAS VELLOS, FOLLAS, ETC.



- LEMOS UN CONTO E DEBUXAMOS O PERSONAXE
- DEBUXÁMONOS A NÓS MESMOS
- PINTAR COAS MANS, CON PINCEL…
- ESTAMPAMOS CON DIFERENTES FORMAS E FIGURAS (FOLLAS, ROLOS DE PAPEL…)



- SERIES DE CORES (NUN FOLIO POÑEMOS PUNTIÑOS DE CORES PARA QUE COMPLETEN A SERIE. POR EXEMPLO:




- TAMÉN LLES PODEMOS DAR A SERIE FEITA E QUE ELES/ELAS BUSQUEN O OBXECTO COA COR CORRESPONDENTE (PINZAS, PEZAS DE CONSTRUCIÓNS, ROTULADORES, CERAS...)





- **CONTOS**: É IMPORTANTE QUE DENDE A CASA TAMÉN SE TRANSMITA O HÁBITO E GUSTO POLA LECTURA. TENTADE BUSCAR UN RATIÑO LIBRE PARA LERLLES UN CONTO, QUE O MANIPULEN, OBSERVEN AS IMAXES... DÉIXOVOS UNHA LISTA DE REFERENCIA PARA COMPLEMENTAR COS CONTOS QUE TEDES NA CASA (SE NON TEDES O FORMATO FÍSICO NA CASA OU ACCESO Á BIBLIOTECA PODEDES VELO A TRAVÉS DOS ENLACES DIRECTOS A YOUTUBE).

  - A QUE SABE A LUA? de MICHAEL GREJNIEC. https://www.youtube.com/watch?v=f03MdJvFk8A
  - COCORICO. Marisa Núñez & Helga Bansch https://www.youtube.com/watch?v=VtyHS-t-laM&t=120s
  - CORRE CORRE, CABACIÑA. https://www.youtube.com/watch?v=EfUEd0xTlhA
  - O CASCABEL DA GATA de PABLO ALBO https://www.youtube.com/watch?v=-8iRAhOtWZs&list=PLQ_l5LkTRqH8IiyPdQhOagy_-H6pVR7lN
  - A CEBRA CAMILA. Marisa Núñez. https://www.youtube.com/watch?v=F_kT0gM8eis&list=PLQ_l5LkTRqH8IiyPdQhOagy_-H6pVR7lN&index=2
  - CHIVOS CHIVONES de OLALLA GONZALEZ PAZ. https://www.youtube.com/watch?v=aHuZ-mP2K4U
  - NADARÍN. Leo Lionni (ilustración) Xosé Manuel González Barreiro (traducción). https://www.youtube.com/watch?v=APQBO0Ap_o0
  - ELMER. https://www.youtube.com/watch?v=T3u0AoA-E-s

- A VACA QUE PUXO UN OVO. https://www.youtube.com/watch?v=qhVefk9RKps

A PARTIRES DA LECTURA DE CONTOS PODEMOS XOGAR A DESCRIBIR AS IMAXES, DEBUXAR OS PERSONAXES, IDENTIFICAR DIFERENTES ELEMENTOS (CORES, ANIMAIS, OBXECTOS...), ETC.



## CANCIÓNS

O GALO CANTA: https://www.youtube.com/watch?v=GmTr3oMQd7w

O POLO PEPE: https://www.youtube.com/watch?v=AY2K1A0Ln5k

UXIA LAMBONA E A BANDA MOLONA. https://www.youtube.com/channel/UCUd4p5q1RctezprJuep6TWA. Encántalles a seguinte canción: DE FESTA https://www.youtube.com/watch?v=jU5iPiBMys4

PELO GATO 24. A VACA MARELA, O SEÑOR DON GATO, ETC. https://www.youtube.com/watch?v=7ukgZ3iBDOQ&list=PLS834HUioW6pYuFWqmc7zJhlkKuxr6Yee

MAMÁ CABRA. https://www.youtube.com/channel/UCiwvS2cc2ONEIo6RMf8lKXQ

**ACTIVIDADES DE RELAXACIÓN:** ESCOITAR MÚSICA RELAXANTE OU YOGA. POR EXEMPLO O CONTO DAS BOLBORETAS (https://www.youtube.com/watch?v=MI1S5rM0ou0) OUTROS RECURSOS DENTRO DESTA WEB: YOGIC https://www.youtube.com/channel/UC8m4ehVIJWKwJgK5ZfUxgkg



**OUTRAS ACTIVIDADES EN FAMILIA:**

- XOGAR AO VEXO VEXO
- FACER UN BISCOITO, GALLETAS...
- XOGOS DE MESA, PUZZLES
- ETC

**WEBS CON XOGOS**:

- EDUCLAN: https://www.rtve.es/infantil/juegos/
- COKITOS: https://www.cokitos.com/category/juegos-para-ninos-de-3-anos/
- ALGAIDA: https://www.algaida.es/area/educacioninfantil/actividades_mm/actividades_3/actividades_3.htm

ANEXO 1. TRAZOS

TARXETAS CON TRAZOS PARA REALIZAR EN DIFERENTES SOPORTES:







































